



Concello de Mazaricos

Asunto: Contratación de Obras: Contratación de Obras Mellora de camiños nos lugares de Grille, Fírvado e Vilar de Costa (PLAN DE REHABILITACIÓN CAMIÑOS DE ZONAS DE CONCENTRACIÓN OU REESTRUTURACION PARCELARIA 2023-2024. Aprobación do expediente.

DECRETO DE ALCALDÍA

Por resolución de Alcaldía do día 12/2024 de 18 de xaneiro acórdase a participación do Concello de Mazaricos no Plan de rehabilitación de camiños de zonas de concentración ou reestruturación parcelaria 203-2024 de mellora de camiños municipais de zonas de concentración ou reestruturación parcelaria rematadas, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural, ao abeiro do Plan de desenvolvemento rural de Galicia, entre outros, co proxecto denominado: Mellora de camiños nos lugares de Grille, Fírvado e Vilar de Costa, por importe de 116.550,89 euros IVE incluído.

O 26 de maio de 2024 a directora xeral de Desenvolvemento Rural, no exercicio das competencias delegadas por Orde do 17 de novembro de 2015, pola que se fai publica a delegación de competencias na Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural, (DOG núm. 223, do 23 de novembro de 2015), concedeu unha axuda ao concello de Mazaricos, ao abeiro do Plan de rehabilitación de camiños de zonas de concentración ou reestruturación parcelaria 2023-2024, de acordo coa seguinte desagregación:

| Proxecto | Orzamento Presentado | Orzamento aprobado |
|--------------------------------------------------------------------|----------------------|--------------------|
| Mellora de camiños nos lugares da Gueima, Fornís e a Manda | 66.340,43 € | 66.340,43 € |
| Mellora de camiños nos lugares de Grille, Fírvado e Vilar de Costa | 96.323,05 € | 96.323,05 € |
| Total proxectos de obra | 162.663,48 € | 162.663,48 € |
| Control de calidade | 1.367,52 € | 1.367,52 € |
| Total | 164.031,00 € | 164.031,00 € |

Tendo en conta que conforme ao artigo 5.2 b) da orde do 11 de decembro de 2023 non é subvencionable o imposto sobre o valor engadido (IVE), resulta para o investimento, o seguinte detalle de financiamento:

- Achega municipal: 20.227,84 € (contía consignada na aplicación 414 61900 do Orzamento vixente).
- Consellería de Medio Rural: 96.323,05 €, a través da concesión dunha axuda/subvención directa correspondente ao Plan de rehabilitación de camiños de zonas de concentración ou reestruturación parcelaria 2023-2024, solicitada e concedida.

Resultando que as obras proxectadas son necesarias para a mellorar a calidade de vida dos veciños mediante a mellora da rede viaria, considerando que a infraestrutura viaria, de acordo co previsto no artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local é competencia do Concello. Así mesmo, e de acordo co disposto no artigo 26 da Lei 7/1985, do 2 de



Concello de Mazaricos

abril, reguladora das bases do réxime local os concellos deberán prestar os servizos de acceso aos núcleos de poboación e a pavimentación das vías públicas.

Resultando que o Concello non conta con medios persoais nin materiais para acometer dita obra, a brigada de obras só pode realizar pequenas actuacións de mantemento e reparación de bens municipais, procede a súa contratación con unha empresa especializada.

Considerando que por Resolución de Alcaldía 159/2024, de 12 de xuño, se aproba o proxecto de obras “*Mellora de camiños nos lugares de Grille, Fírvado e Vilar de Costa*”, se ordena proceder a comprobación do replanteo e se incoa expediente de contratación da obra de referencia por procedemento aberto simplificado e tramitación ordinaria, acordando a incorporación ao mesmo de tódolos documentos legalmente esixibles.

Visto o expediente instruído para a contratación e que se compón de:

- Proxecto técnico redactado polos servizos técnicos municipais, e informe técnico sobre o investimento no que se analizan, entre outros extremos, a compatibilidade das obras coa normativa urbanística.
- Certificado de existencia de crédito emitido pola intervención de fondos.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación mediante procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática).
- Acta de replanteo previo
- Informe de Secretaría de 12/06/2024
- Informe de intervención de 13/06/2024

Visto o disposto no artigo 116 e Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do sector público

Pola presente **RESOLVO**:

Primeiro. Solventar o reparo formulado pola Intervención no seu informe de data 13 de xuño de 2024.

Segundo.- Proceder a contratación, por procedemento aberto simplificado da obra deste Concello “*Mellora de camiños nos lugares de Grille, Fírvado e Vilar de Costa*” (Plan de rehabilitación de camiños de zonas de concentración ou reestruturación parcelaria 2023-2024).

O recurso ao procedemento aberto simplificado efectuase por tratarse de un contrato de obras de valor estimado inferior a 2.000.000€ e porque a ponderación dos criterios de adxudicación avaliábeis mediante xuízo de valor, previstos nos pregos, non supera o 25% do total (art 159 LCSP)

A adxudicación realizarase valorando unha multiplicidade de criterios de valoración de conformidade co disposto no artigo 145 do LCSP.



Concello de Mazaricos

A contratación e adxudicación desta obra realizarase como unha unidade contractual non efectuándose a súa división en lotes de acordo coa resolución de inicio do expediente.

Terceiro. Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerán a presente contratación, incorporado ao expediente

Cuarto. Aprobar o gasto que representa a aludida contratación, 116.550,89 € IVE incluído, con cargo a partida 414.61900 do vixente orzamento de gastos .

Quinto. Establecer que no presente procedemento o órgano de contratación estará asistido pola seguinte mesa:

Presidente: D. Juan J. Blanco Riveiro, Alcalde

Secretaria: D^a. Lourdes Maneiro López, Técnica de administración xeral.

Vocal: D^a. Cristina López Corral, Secretaria da Corporación.

Vocal: D. Guillermo José Fernández López, Interventor da Corporación.

Vocal: D. Manuel Jesús Lojo Formoso, Tesoreiro municipal.

Sexto. Aprobar o expediente de contratación incoado e dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación publicando o anuncio de licitación no perfil do contratante do Concello, aloxado na Plataforma de contratos do Sector público (art 159.2 LCSP).

Publicar, igualmente no perfil do contratante do Concello, o acordo de incoación do expediente, que incorpora a xustificación requirida polo art 28 LCSP, o prego de cláusulas administrativas particulares, o proxecto ou prego de prescripcíons técnicas e o presente acordo de aprobación do expediente de contratación (arts 116 e 117 LCSP).